

Bos días a todos e a todas!.

Benvidos ao noso festival das Letras Galegas, que como cada ano honra a unha persoa que traballou polo despertar do pobo Galego, pola valoración e respecto das nosas Letras, polos dereitos dunha Galicia soñadora, con historia e identidade de seu.

María Victoria Moreno, é a galega deste ano, Naceu en Cáceres, veu a vivir para Galicia sendo profesora de literatura española. Pronto se decatou da situación de inferioridade na que se atopaba un idioma tan fermoso como o galego... e simplemente comprometeuse co pobo donde vivía, traballando e loitando pola vida digna dos galegos, polo medrar e o recoñecemento social da nosa lingua.

Coñeceredes máis desta gran muller, pioneira en varias iniciativas para que o galego estivese a altura merecida, ao longo deste festival, pero.... un chisco máis adiante.

Non podemos pasar por alto as boas novas deste curso que estamos a piques de rematar. Un ano intenso no traballo, nas emocións...porque quén non se emociona cando se cumplan os soños!...e os do CEIP da Pobra do Brollón empezaron a facerse realidade durante este curso.

Si, como podedes ver estamos no camiño da renovación das instalacións do noso cole. Algo polo que toda a comunidade educativa levaba loitando. As aulas son agora acolledoras e confortables. Retrasamos o festival para estrear o escenario e como podedes ver mereceu a pena!

Estamos no bo camiño! Agradecemos a tod@s o esforzo e compromiso que cada quen asumiu dende a súa parcela: familias, á Consellería, e moi especialmente a Mariña, Sra Xefa Territorial, á Unidade técnica e ao noso inspector pola súa escoita e xestión. E para eles pedimos un aplauso!

Contentos e ilusionados preparamos este festival, co mellor propósito de rendir homenaxe a unha desas persoas que foron quen de traballar para que Galicia medre sen complexos.

Pois ben, familia, amigos, compañeiros, só queda pasalo ben. esperamos dar o mellor de nós e que disfrutedes dun anaco inolvidable. Se é así misión cumprida!

Queremos dar as grazas aos nosos veciños do centro de día, usuarios e persoal, por acompañarnos como cada ano.

Ao longo do curso, compartimos con eles diversas actividades, a través dun club de lectura que da para moito: experiencias enriquecedoras, lecturas compartidas, e sobre todo aprendizaxe, convivencia e agarimo.

Grazas amigos por aportarnos tanto. Un aplauso e todo o noso cariño e agradecemento para vós.

Pois ben, imos comezar o festival cos actores máis grandes, os nenos e nenas de infantil.

Grandes artistas dirixidos polo seu profe Óscar. Isto promete porque teñen con eles ao mellor mestre en artistadas, argallando e fedellando... e xa sabedes eles a seguir co exemplo!

O mellor e que o comprobades vós mesmos vendo a obra de teatro dos nenos e nenas de infantil dirixidos por Óscar que teñen unha misión moi importante que cumprir.

Teatro e baile...que aquí non se repara en nada; e senon, xa nos contaredes. Agora disfrutade coa obra de teatro de infantil e o seu baile.

1. O flautista de Hamelin e o seu baile

Como de costume, o derroche de simpatía e gracia contaxianos a todos... Estes nunca defraudan!....

E vós xa sabedes, as promesas son para cumprir...senón pode ser peor o remedio coa enfermidade.

Si, nós tiñamos que atopar un remedio tamén para despistar algo aos nosos mestres...non queda moito de curso...pero eu non sei como acabaremos con tanto traballo.

Si, algo hai que pensar... porque non damos feito! Traballos, deberes, exames...E se facemos equipos e repartimos as tarefas que nos poñen?

Pois non é mala idea...pero hai que repartir ben o traballo para todos e dende o principio...non vaia pasar como o conto da Pita Paulina?

Que conto?

Non o sabes? (Ao Público) E vós tampouco?

Non...!

Ah, non o sabedes? Pois atentos que vola van a contar agora mesmo os nenos e nenas de primeiro e segundo.

La que se avecina! eles xa son artistas e por riba con Paco na dirección da obra e Vanesa no vestiario non vos ten desperdicio ningún esta actuación. Estes grandes traballadores atoparon a orla do zapato cos seus Mestres!

Quedades cos nenos e nenas de primeiro e segundo que van a representar unha peza de teatro con moita mensaxe titulada:

2. A pita Paulina e os seus poliños

Carlos: Como vedes estamos con grandes actores, que ademáis nos deixaron ben clariño o importante que é axudar e colaborar sempre.

Iso é verdade, o mellor é sumar sempre para ser máis e mellor! Máis ideas, máis traballo e mellor froito....Cada vez vexo máis claro! Hai que organizar eses equipos e repartir as tarefas.

Sarai: Pois man a obra a ver se temos sortiña!

Falando de sorte...Non sei como lle iría aos nosos xubilados, que me parece que foron acompañados por Julio nada máis nin nada menos que a un casino!

Carlos: si, é verdade. Imos descubrir un sketchs moi ben gardadiño, do que ninguén sabe nada...só nós: os actores e Julio, o cabeza pensante.

Por certo aquí non tivo axuda do seu colega de trasnadas Óscar, como cando amolan ás profes...á mínima oportunidade xa lle están facendo unha...téñenlle verdadeira afición ao móvil de Dori e aos chicles de Vanesa!!

Sarai: Eu non digo nada....O mellor é que nos vexades en vivo directo

Si, porque ingredientes de intriga non faltan. Mirade o tema está entre Vanesa, que a pesar das trasnadas que sofre foi xenerosa e argallou as máquinas do casino, Julio que escribiu e dirixe o sketchs e Lorena, Noé, Carlos de 5º, Adai, Roi, Sarai e esta servidora que volo imos representar.

Carlos: Así que imos desvelar esta aventura e contarvos como nos foi en: Os xubilados van ao casino.

3.- Os Xubilados van ao casino

Pois despois de rir e comprobar o inxenio dos xubilados que conquistan a quen se lles poña diante imos continuar con este festival no que a intriga e as sorpresas non van faltar.

Si, e imos organizar tamén os nosos equipos para facer frente a tanto traballo. Hai que despistalos dalgún xeito porque senón eles respirarán axitados.... Pero nós...asfixiamos!!

Por moito que te queixes sempre resolven dicindo que para colleitar hai que sementar primeiro.

Si claro, nós levamos sementando todo o curso e a bo paso... así que agora só queda conquistar un pouco a estes profes para que a colleita sexa boa e non haxa treboadas que nola estraguen!

Pois me parece que para falar de sementar e conquista...mellor que os nenos e nenas de terceiro e cuarto e o seu profe Pablo niguén.

Sí, estade atentos porque estes xa están de volta e falan de reconquista.....

Xa, Xa! Pero que reconquista? A dos encatamentos ou a das terras perdidas.?

A saber..!!porque con estes artistas, e con esta obra escrita por Pablo....a sorpresa está garantizada! Se hai algún xenio capaz de buscarlle todos os sentidos a unha palabra ese é Pablo!

Imos ver o que pasa, quedades cos nenos e nenas de terceiro e cuarto que van a por en escea dirixidos por Pablo a reconquista!.

4.- A reconquista

Carlos: Como vedes...o equipo non ten desperdicio.... Pillería, astucia, humor e creatividade... non lles falta.

A verdade é moito máis doado traballar de bo humor.... As cousas parecen máis doadas.. e ata che saen mellor!

Sarai: Pois si, total, aquí sempre hai que traballar si ou si.

E para que non te aburras preséntanche o traballo con moita variedade!! que si estudia, investiga... e por se che queda tempo libre sempre levamos algún encargo para a casa!

Carlos: Todo para convertirnos en bos profesionais no futuro. Persoas con sentidiño a ver se polo menos relevamos algún político...

Sarai: Ah pois facía boa falta, a ver se lle dabamos unha voltiña ao mundo....Hai que coidar o noso planeta xa! E deixar de roubar tamén!

Ao mellor arranxan algo os nosos gorrillas. Creo que decidiron entrevistar a algún político actual a ver se así damos entedido algo! Non se sabe máis nada. Este festival está cheo de misterio pero se vos digo: Julio escribiu e dirixe este Sketchs e actúan Moraima, Xulia, Xana e Carlos Rusu....a diversión está garantizada.

Sarai: Preparádevos para rir con “Os gorrillas entrevistan aos políticos do momento”

5.- Os gorrillas entrevistan aos políticos do momento

Despois destas extraordinarias entrevistas, empezamos a pensar que hai que prepararse para ser persoas responsables, preparadas para cambiar o mundo.

Mira estou pensando que inda van ter razón os profes co de traballar tanto. Porque se non tes formación non podes tomar decisión.

Vés? Sempre teñen razón...pero eu sigo pensando que algo hai que facer...traballar está ben, claro que si!! Pero tanto....

Mentras pensamos algo...imos para outro punto importante do festival. Traballando, traballando tamén facemos os nosos intentos na creatividade.

Así que coa complicidade de coidar a nosa lingua e crear convocouse, como todos os anos, o Certame de Contos das Letras Galegas que este ano xa é o número XXVII.

Quenes serán os gañadores deste ano? Pois imos coñecelos da man de Carlos e Sarai en canto Dori nos faga entrega do sobre coas decisións do Xurado.

Entregarán os premios os profes.

6. Entrega de premios

Parabéns para os gañadores e os demais a seguir participando e viaxando deste xeito tan especial.

Si, xa vedes que hai moitas maneiras de viaxar, ás veces ata dende un sofá: só tes que coller un libro e... emprender esa viaxe que se fai distinta e persoal con cada lector...

Falando de viaxar...este curso toca excursión de dous días para todo o cole. Estamos desexando a chegada do 18 e 19 de xuño. Se o tempo o permite disfrutaremos de actividades na Praia e na auga, así que estamos impacientes....

E para recaudar fondos vendemos rifas, nas que se sorteou unha tablet. O sorteo fíxose onte no comedor, así que agora toca a entrega da tablet ao número premiado.

Entrega a tablet, Dori coa axuda de Carlos e Sarai.

Sarai: Agradecemos a vosa colaboración mercando as rifas.

Carlos: A xestión e compañía dos profes que fan posible esta excursión e a colaboración do concello que nos aporta 300€.

Sarai: O número premiado foi:

Carlos: Parabéns e Que a disfrutes moito!

7.- Entrega Tablet

Estamos encantados con esta excursión. A verdade é que traballar traballamos pero moitas veces disfrutamos de actividades que nos encantan: gravamos algún programa de radio, imos de excursións, organizamos celebracións...que iso si! Non perdemos unha

Tivemos visitas entrañables que ademáis nos enriqueceron moito e nos axudaron a indagar no pasado, a valorar e coñecer o presente Xurxo Ayán, Xosé Gago, Felipe, Natalia, Xulia, Lola...

Dende aquí moitas grazas, por ensinarnos a descubrir a nosa historia e o valor do lugar donde vivimos.

Por certo estáseme ocorriendo unha idea para frear un chisco o empeño dos profes en traballar tanto...

Pois veña, canta dunha vez, que xa teño medio empacho!

Si, igual tamén cantamos...e bailamos...imos ver un exemplo de aula no CEIP da Pobra do Brollón...e veredes vós mesmos como non esaxeramos...

É verdade que agora tócanos a nós. Adiantámosvos que calquer coincidencia coa realidade é pura casualidade...

Non perdades esta actuación dos nenos e nenas de 5º e 6º que está dirixida por un par de hiperactivos, que deben ter por misión ternos sempre ocupados: Dori e Julio.

1.-Lucía: Esta obra está adicada, con todo o cariño do mundo, ao noso profe, Julio, que é posible que non estea connosco para o curso que vén pois ten un destino máis preto da súa casa: en Baralla.

2.- Lorena: Falar de Julio non é doado porque non atopamos as palabras que miden canto o queremos, o ben que lle desexamos e a dor que nos causa despedirnos del.

3.- Adai: Tivemos a sorte de que o destino te trouxera á Pobra e coñecemos así un profesional excelente, eficaz como ninguén no seu traballo, comprometido e implicado coa súa profesión.

4.- Roi: Descubrimos unha persoa marabillosa, íntegra, que se gañou dende a discreción o respecto, a admiración e o cariño de todos.

5.-Xulia: Con Julio a carón sentimos unha persoa próxima a nós, coa que vivimos momentos inolvidables e compartimos experiencias xeniais: xogando, aprendendo, facendo esquemas, de excursións que foron moitas.

6.- Carlos Rusu: Ensináchesnos moito, sobre todo valores: a responsabilidade, a seriedade no traballo, a importancia de facer as cousas ben...Julio eres para nós un modelo a seguir.

7.- Sarai: Por iso queremos que siga aquí, pero tamén lle desexamos o mellor, e queremos que disfrute da súa familia e do seu pobo.

8.-Moraima: Se alguén merece que se cumpran os seus soños ése é Julio, e nós desexamos de corazón que os acades, e dende logo que te coñezan moitos, moitos nenos porque alí donde estés serán afortunados.

9.- Noe: Aquí sabes que queda a túa casa tamén, outra familia. Sempre será a mellor nova que nos visites. O vínculo do respecto, a amizade, o cariño agromou neste centro e viaxará con cada un de nós ao longo da vida.

10.- Carlos 5º: E se hai que falar dun profe de talante serio, con cara de boiño...e de camiño moi traste, tamén lle damos un dez. E senón preguntámoslle ás mestras, que o saben moi ben, pero que te queren un montón.

11.- Xana: Si, Julio é moito máis que o mestre que explica maxistralmente, que o é. É tamén a persoa que nos escoita, nos aconsella, nos sorrí, nos anima, nos rifa cando fai falta...unha man amiga e segura tendida sempre para camiñar.

Tivemos a sorte de coñecer un compañeiro excepcional, un excelente profesional, “**un amigo legal**” que nunca esqueceremos.

E se puideras quedar un cursiño máis levaríamos unha alegría.

Que sexas moi, moi feliz! Disfruta da obra, froito do traballo deste gran equipo que formamos.

Un aplauso para Julio

Con vós: unha aula no CEIP da Pobra do Brollón.

8.- Unha aula no CEIP da Pobra do Brollón

Carlos: Xa vedes, non paramos. Menos mal que unhas veces con sorte e outras con estratexias...imos arranxando.

Pois ditas todas as novas que non son poucas imos rematando. Xa vistes: se os profes non deixan que nos aburramos nós tamén trasteamos poñendo a súa paciencia a proba.

O certo é que formamos, entre todos, un gran equipo...Este festival foi posible coa implicación de tod@s: Dos directores das obras xa vos falamos: Óscar, Paco, Pablo, Julio e Dori

Sarai: As directoras dos decorados foron Vanesa e Nieves

Carlos: Nos medios audiovisuais temos a Óscar gravando, a Nieves e Vanesa coa cámara de fotos e a Julio, e Pablo bulindo co equipo de megafonía.

A xornada é intensa, imos perdendo forzas; pero non vos preocupedes que nos agardan este curso nada máis nin nada menos que tres estupendas cociñeiras: Mercedes, Ana e Lola, con succulentos menús cada día, que nos cargan as pilas para continuar co que faga falta!

Queremos agradecer dun xeito especial a presenza de Lola no festival, e desexarlle que se poña ben de todo pronto que xa sabemos case está. Só hai que ver que guapa está. Lola querémoste moito! así que pedimos un aplauso para ti

CARLOS: Agradecer tamén ao Concello a súa colaboración prestándonos a megafonía como cada ano, e como non, Agradecervos a vós a vosa presenza.

SARAI: Se o pasastes ben o noso obxectivo está cumprido.

E faltamos nós. Xa nos vedes en primeira liña: todos os nenos e nenas do cole que fomos os protagonistas deste festival, orgullosos de realizalo e compartilo con todos vós!. Non Participou J. Ramón porque estivo operado. Alegrámonos moito de que xa estés ben e pedimos un forte aplauso para ti.

E tamén é momento de lembrarnos da previsión do futuro: algúns, os de 6º non estaremos o vindeiro curso.

Carlos: Sabemos que futuro significa camiñar e iso é o que temos por diante.

SARAI: Rematamos a etapa de primaria, na que compartimos experiencias, ilusións, alegrías, tristezas, bromas, traballo...

Os alimentos para medrar como persoas. Levaremos con nós moito aprendido e sobre todo valores, seguridade e cariño, os mellores pilares para seguir construíndonos con criterios, integridade...e poder voar con seguridade.

Vanse tamén seguramente profes como Vanesa, Nieves... Non sabemos se o destino as volverá a traer. En todo caso o único que nos separará é a distancia...pois a amizade, as vosas pegadas xa arraigaron no corazón deste colexio. Grazas por pasar por aquí, exemplos de profesionalidade, seriedade e compromiso co traballo.

E agora imos despedirnos de verdade. Reiteramos as grazas pola vosa asistencia, desculpade os erros que inda que facemos pinillos o directo non perdoa... Esperamos que pasarades unha estupenda

A mellor homenaxe ás nosas Letras é a de implicarnos para que Galicia teña a súa propia historia: falando a nosa lingua e coidándoa para que sexa cada día máis forte e coñecida.

Carlos:Despedímonos cantando todos xuntos o himno Galego

Os catro: Ata sempre e... ¡Qué viva Galicia!

